

Capítulo 3

A interpretación no ámbito policial

Marta Estévez Grossi

Elisa Gómez López

Resumo

A situación da interpretación nos servizos públicos en España é un tema que non conta cun grande recoñecemento no mundo da investigación e que, polo tanto, carece da cantidade de estudos que serían necesarios. Esta falta de investigación leva a un descoñecemento que imposibilita unha lexislación máis favorable que mellore as condicións do desempeño desta profesión. Este estudo pretende botar algo de luz sobre a cuestión da interpretación no ámbito policial en España en xeral, e en Galicia en particular. Para isto, repásanse as condicións de traballo neste ámbito en España e, finalmente, ofrécese unha visión, rigorosa e actualizada, da situación da interpretación no ámbito policial en Galicia, tomando como referencia a Policía Local e Nacional de Vigo nun pequeno estudo de campo.

Palabras clave: interpretación, servizos públicos, policía.

Abstract

Public Services Interpreting in Spain is not a popular subject of research and therefore there are few studies available. The poor research has led to little awareness on the subject and this hinders creation of a legislation that would help to improve working conditions of public services' interpreters. This study aims to throw some light on the situation of police interpretation not only in Galicia but also in Spain. The paper generally reviews police interpreting working conditions in Spain and then does a specific case study for Vigo, Galicia, involving the national and local police.

Keywords: interpreting, public services, police.

3.1. Introducción

O termo interpretación nos servizos públicos (tamén coñecido como interpretación social ou interpretación comunitaria), fai referencia a toda aquela interpretación que se realiza nos sectores públicos como a sanidade, a educación, os servizos sociais e municipais (asistencia social, vivenda, traballo, asesoramento, emerxencias, etc.), a

policía e as institucións correccionais, como resposta a unha crecente necesidade social dunha comunidade de inmigrantes ou persoas que non falan o idioma maioritario e que, polo tanto, se ven prexudicadas no seu trato coa administración e no exercicio dos seus dereitos e deberes á hora de acceder aos servizos públicos.

A diferenza da interpretación de congresos e conferencias, a interpretación nos servizos públicos non é aínda hoxe unha profesión totalmente recoñecida en moitos países; España é un deles. No entanto, hai algúns lugares do mundo nos que a interpretación nos servizos públicos si que é unha profesión recoñecida, países como Canadá, Estados Unidos, Reino Unido, Australia e Suecia, xa que estes son países cunha ampla tradición de inmigración, cun nivel alto de recursos e unha rede de servizos públicos a disposición do cidadán.

O obxectivo deste estudo é afondar no estado da cuestión da interpretación no ámbito policial en España en xeral, e en Galicia en particular. Consideramos que este é un ámbito de vital importancia posto que as autoridades policiais son, acotío, un dos primeiros contactos das persoas estranxeiras, comunidades inmigrantes e solicitantes de asilo cos servizos públicos españois.

Co fin de describir o contexto no que se leva a cabo o traballo de interpretación policial, no presente capítulo comézase por describir as funcións que corresponden ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e concretamente ao Corpo de Policía, que é o ámbito no que se centra este capítulo. A seguir explicarase o proceso de detención en España e as leis e os dereitos que asisten ás persoas estranxeiras no tocante ao ámbito policial, así como as características da interpretación neste sector. Posteriormente, repasaranse as condicións de traballo neste ámbito en España e, finalmente, ofrécese unha visión, rigorosa e actualizada, da situación da interpretación no ámbito policial en Galicia, tomando como referencia a Policía Local e Nacional de Vigo nun pequeno estudo de campo.

3.2. Funcións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado

Antes de comezar o estudo sobre a situación da tradución e interpretación no ámbito policial e co fin de entender mellor este contexto profesional, cómpre definir cales son as funcións que competen aos diferentes corpos que forman parte das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Para poder levar a cabo esta definición, ímonos basear na Lei orgánica 2/1986 do 13 de marzo de 1986, de Forzas e Corpos de Seguridade.

Consonte a esta lei, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado teñen como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá mediante o desempeño das seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento das leis e disposicións xerais, para o que deberán executar as ordes que reciban das autoridades no eido das súas respectivas competencias.
- Auxiliar e protexer as persoas e asegurar a conservación e custodia dos bens que estean en situación de perigo por calquera causa.
- Vixiar e protexer os edificios e instalacións públicas que o requiran.
- Velar pola protección e seguridade das altas personalidades.
- Manter e restablecer, no seu caso, a orde e a seguridade cidadá.
- Impedir a comisión de actos que supoñan un delito.
- Investigar os delitos para descubrir e deter os presuntos culpables, asegurar os instrumentos, efectos e probas do delito e poñelos a disposición do xuíz ou tribunal competente, así como elaborar os informes técnicos e periciais necesarios.
- Captar, recibir e analizar todos os datos que sexan de interese para a orde e a seguridade pública e estudar, planificar e executar os métodos e técnicas de prevención da delincuencia.
- Colaborar cos servizos de protección civil nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, nos termos que se establezan na lexislación de protección civil.

De acordo coa lei citada ao comezo, estas funcións deberán exercerse segundo a seguinte distribución territorial de competencias:

- O Corpo Nacional de Policía debe levar a cabo as devanditas funcións nas capitais de provincia e nos municipios e núcleos urbanos que o Goberno determine.
- A Garda Civil exercerá as mencionadas funcións no resto do territorio nacional.

Con todo, os membros do Corpo Nacional de Policía poderán exercer as funcións de investigación e as de coordinación dos datos aos que se fai referencia no parágrafo relativo ás funcións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Alén das funcións compartidas por todas as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a Policía Nacional conta coas seguintes competencias específicas:

- A expedición do Documento Nacional de Identidade e do Pasaporte.
- O control da entrada e saída do territorio nacional de españois e estranxeiros.
- As competencias indicadas na lexislación sobre estranxeiría, refuxio, asilo e extradición, expulsión, emigración e inmigración.
- A vixilancia e inspección do cumprimento da normativa en materia de xogo.
- A investigación e persecución dos delitos relacionados coa droga.

- A colaboración e o auxilio ás policíaas doutros países, consonte ao establecido nos tratados ou acordos internacionais baixo a dirección do Ministerio do Interior.
- O control das entidades e servizos privados de seguridade, vixilancia e investigación, do seu persoal, medios e actuacións.
- Aquelas outras que lles atribúa a lexislación vixente.

3.3. O proceso de detención en España

No *Gran diccionario século 21 da lingua galega* aparece como segunda acepción que unha detención é unha “privación de liberdade; arresto provisional” e pode considerarse como a privación a unha persoa do dereito fundamental de trasladarse libremente dun lugar a outro que debe realizarse cumprindo os requisitos establecidos no art. 17 da Constitución española e dispostos no art. 520 da Lei de axuízamento criminal, que indica que a detención e a prisión provisional deberán practicarse na forma que menos prexudique o detido na súa persoa, reputación e patrimonio. E para iso dispónse que:

- Deberá identificarse debidamente o detido no momento da detención.
- Deberá velarse pola vida e a integridade física dos detidos e respectarase a súa dignidade.
- Deberá darse cumprimento e observaranse as xestións, prazos e requisitos legais.

Da conxunción do art. 17 da Constitución española e do art. 520 da Lei de axuízamento criminal, tamén se poden tirar os requisitos dispostos en canto aos prazos de detención e aos dereitos do detido no momento da súa detención. A detención non durará máis tempo do estritamente necesario, cun máximo de 72 horas, prazo no que o detido deberá ser posto en liberdade ou posto a disposición da Autoridade Xudicial. Mediante a orde de detención, todo detido deberá ser informado, de xeito que lle sexa comprensible, dos feitos que se lle imputan e dos dereitos que o asisten e que son os seguintes:

- Dereito a gardar silencio e a non declarar se non quere.
- Dereito a non declarar contra si mesmo e non confesarse culpable.
- Dereito a nomear un avogado ou a solicitar un avogado de oficio.
- Dereito a que se informe á persoa que o detido desexe do feito da súa detención e do seu lugar de custodia. No caso dos estranxeiros, esta información será transmitida á embaixada correspondente. Se o detido é menor de idade ou incapacitado, informarase á persoa que teña a patria potestade e, de non poder localizala, á Autoridade Xudicial pertinente.
- **Dereito a ser asistido por un intérprete.**

- Dereito a ser asistido por un médico forense ou substituto legal.

Durante o proceso de detención, todos estes requisitos deben ser escrupulosamente respectados xa que, do contrario, a acción coercitiva de privación de liberdade de movemento a unha persoa podería constituír un delito de detención ilegal.

3.4. A interpretación no ámbito policial

A interpretación para a policía está intimamente ligada á interpretación ante os tribunais, como explica Foulquié:

La interpretación en la policía guarda una gran relación con la interpretación ante los tribunales, debido a la similitud de situaciones, temática, de registros y terminología. No debemos olvidar que el paso de un detenido por las dependencias policiales es una de las diligencias previas a su posible comparecencia ante el juez (2002: 107).

Outra das características da interpretación policial compartida coa interpretación nos tribunais (cando menos no ámbito penal) é que, en ambos os dous casos, o cidadán ou cidadá de orixe estranxeira conta co amparo das leis, que lle garanten un servizo de interpretación gratuito (algo que non acontece noutras instancias da administración pública). Así, esta garantía aparece reflectida non só nos dereitos dos detidos, senón tamén na Lei de estranxeiría (Lei orgánica 4/2000) no título II capítulo I artigo 26: "(...) les será denegada [a entrada ao país] mediante resolución motivada con información acerca de (...) su derecho a la asistencia letrada que podrá ser de oficio, y de intérprete, que comenzará en el momento mismo de efectuarse el control en el puesto fronterizo".

3.4.1. Os dereitos dos detidos

Como xa se indicou anteriormente, os dereitos das persoas detidas atópanse recollidos no artigo 520 da Lei de axuízamento criminal. Neste apartado, centrarémonos exclusivamente nos dereitos que atinxen os detidos estranxeiros e que son os seguintes:

- Dereito a que se poña en coñecemento do familiar ou persoa que o detido desexe o feito da detención e o lugar de custodia no que se atope en cada momento. Os estranxeiros terán dereito a que as devanditas circunstancias se comuniquen á Oficina Consular do seu país.
- Dereito a ser asistido gratuitamente por un intérprete, cando se trate dun estranxeiro que non comprenda ou non fale o castelán.

A pesar de que estes dereitos están recollidos na lexislación española, de xeito que no plano teórico existe un amparo lexislativo para as persoas que non comprenden os idiomas oficiais do Estado español, a realidade que se vive nas dependencias policiais

en España dista moito de ser a ideal. Na maioría das ocasións, estes dereitos poden verse vulnerados debido a dous factores: por unha banda, á ausencia de profesionais que proporcionen servizos de tradución e interpretación (agás nalgúns zonas máis turísticas e con maior índice migratorio); pola outra, debido á falta de requirimento por parte da lei dunha titulación ou formación mínima para exercer estas tarefas, o que leva, potencialmente, a que calquera persoa poida desempeñar esta función. O artigo 441 da Lei de axuízamento criminal establece os seguintes requirimentos para os intérpretes que asistan os detidos:

El intérprete será elegido entre los que tengan títulos de tales, si los hubiere en el pueblo. En su defecto, será nombrado un maestro del correspondiente idioma, y si tampoco le hubiere, cualquier persona que lo sepa.

Si ni aun de esta manera pudiera obtenerse la traducción, y las revelaciones que se esperasen del testigo fueren importantes, se redactará el pliego de preguntas que hayan de diríjirsele y se remitirá a la Oficina de Interpretación de Lenguas del Ministerio de Estado, para que, con preferencia a todo otro trabajo, sean traducidas al idioma que hable el testigo.

El interrogatorio ya traducido se entregará al testigo para que, a presencia del Juez, se entere de su contenido y redacte por escrito en su idioma las oportunas contestaciones, las cuales se remitirán del mismo modo que las preguntas a la Oficina de Interpretación de Lenguas.

Estas diligencias las practicarán los Jueces con la mayor actividad.

Deste xeito, non é estraño atopar perfís moi diferentes de persoas que afirman falar os dous idiomas que se precisan proporcionando os servizos de interpretación; estes van desde voluntariado de ONG, coñecidos polas partes implicadas, outros inmigrantes ou compatriotas e mesmo nenos. Este recurso mingua potencialmente tanto a calidade da interpretación como os propios dereitos do detido ou denunciante.

Aínda así, cómpre mencionar que existen comisarías e outras dependencias policiais que si contratan intérpretes de xeito temporal, sobre todo en tempada estival, que é cando aumenta o número de turistas internacionais. Isto lévanos a comentar que non só son os imputados por un delito ou os solicitantes de asilo os que teñen que lidar cos servizos policiais, senón que os turistas tamén precisan deles para diversos trámites burocráticos, para actuar como denunciante ou como testemuña.

3.4.2. Contratación de intérpretes para a policía en España

Na actualidade, existen dúas vías de contratación de servizos de interpretación nas comisarías de policía en España: mediante concurso público para a contratación de empresas privadas ou a través dun concurso-oposición dependente do Ministerio do Interior.

Contratación mediante licitación

Actualmente en España a contratación de servizos de interpretación nas comisarías de policía é xestionada pola empresa Seprotect, adxudicataria dunha licitación a nivel estatal presentada polo Ministerio do Interior para a prestación de servizos de interpretación de declaracións orais, traducións escritas, escoitas telefónicas e transcripción de cintas de audio e outros soportes informáticos gravados en linguas distintas do castelán tanto de forma directa como inversa.

A prestación dos servizos de interpretación en comisarías por parte da devandita empresa derivou en denuncias sobre a mala calidade dos servizos de tradución prestados en xulgados e comisarías, presentadas por un grupo de xuíces e maxistrados da Comunidade Autónoma de Madrid. Segundo a Asociación Española de Tradutores, Correctores e Intérpretes (ASETRAD), esta situación é consecuencia directa da licitación, que valora exclusivamente o prezo do servizo ofrecido pola empresa adxudicataria e mide a súa calidade nunha mera certificación ISO 9000 (procedementos en xeral) e UNE-EN-15038 (procedementos recomendados para provedores de servizos de tradución escrita, non para interpretación). Os e as intérpretes contratados por esta empresa carecen a miúdo da titulación, coñecementos específicos e experiencia no ámbito da interpretación policial, xa que non se lles esixe ningún tipo de acreditación.

Contratación polo Ministerio do Interior mediante concurso-oposición

A obtención dun posto fixo como tradutor-intérprete nas comisarías conséguese a través dun concurso-oposición convocado polo Ministerio do Interior, previa aprobación da Dirección Xeral de Función Pública. Deste xeito, o intérprete pasa a pertencer, ao igual que os axentes, ao Ministerio do Interior tendo, no entanto, un convenio único, pois é persoal laboral cunha categoría profesional de “técnico superior de xestión e servizos comúns”.

O proceso selectivo está composto por dúas fases, unha de oposición e outra de concurso. Na fase de oposición o candidato ou candidata debe realizar unha primeira parte consistente nun cuestionario tipo test de 30 preguntas sobre a “Organización e o Funcionamento da Administración Xeral do Estado”. Na segunda parte, debe realizar unha tradución por escrito e sen dicionario dun texto de non máis de 250 palabras en castelán ao idioma (ou idiomas) correspondente e viceversa, para o que conta cun tempo de 60 minutos por idioma. Posteriormente, o opositor debe ler as súas traducións ante o Órgano de Selección, que disporá dun máximo de dez minutos por idioma para conversar co candidato. A cualificación final vén dada da suma das dúas partes do exercicio (sempre que en cada unha delas, se obtivese polo menos o 50 por cento da cualificación), de xeito que a primeira parte representa o 30 por cento e a segunda o

70. No relativo aos criterios de avaliación da segunda parte do exercicio, nas bases da convocatoria, afírmase que “se calificará de 0 a 70 puntos, valorándose el conocimiento del idioma elegido, la expresión verbal en el mismo, la riqueza de vocabulario, la capacidad de comprensión y síntesis y la calidad de la versión en castellano”.

Na fase de concurso valóranse cun máximo de 45 puntos os méritos profesionais e os académicos. Cómpre salientar que, mentres que se valora ata con 40 puntos a experiencia laboral, só se valora con 5 puntos a posesión dunha titulación superior á esixida, neste caso, o bacharelato ou título análogo.

Deste xeito, os candidatos que superan esta selección pasan a formar parte do persoal laboral fixo dependente do Ministerio do Interior sen que teñan necesariamente ningún tipo de formación específica no ámbito da tradución e a interpretación e pertencendo, por tanto, ao grupo C1. Esta situación é inconcibible tendo en conta non só a alta especialización que requiren as tarefas que deben desempeñar estes profesionais, senón tamén o feito de que en España existe a licenciatura de tradución e interpretación desde hai máis dunha década e polo tanto moitos licenciados co perfil académico axeitado. Todo isto evidencia o descoñecemento que continúa a existir por parte das autoridades, que engloban as labores de interpretación dentro do grupo profesional “técnico superior de xestión e servizos comúns”, equiparando esta actividade á daqueles profesionais que non precisan de estudos superiores para desempeñar o seu cargo.

3.4.3. Características da interpretación policial

Como veremos ao longo deste apartado, existen moitos factores que poden afectar negativamente ao desempeño do traballo do intérprete. Por este motivo, é esencial que este coñeza á perfección o funcionamento dos procedementos policiais, os labores que terá que realizar e as características propias do ámbito. Só deste xeito poderá asegurar a maior calidade posible nos seus servizos.

Os labores do tradutor-intérprete no ámbito policial poden dividirse en tres grandes grupos (Olalla 2006: 241, Foulquié 2002: 113):

- **Tradución de documentación:** unha das tarefas que se lle pode encomendar aos intérpretes que traballan para o ámbito policial é a tradución de documentos. Porén, é certo que en ocasións se lles pode pedir que realicen algunhas traducións a título informativo.
- **Escoitas telefónicas:** a tarefa de realizar escoitas telefónicas é unha práctica moito máis habitual do que, *a priori*, poderíamos imaxinar. En numerosas ocasións, ademais de ter que proporcionar os datos que os axentes de policía consideren relevantes, estes tamén pretenderán que o intérprete identifique o acento ou o nivel cultural das persoas ás que se lles está a facer o seguimento, xa que en

ocasións só o intérprete pode coñecer estes datos que poden ser fundamentais para a investigación. No entanto, a presunción por parte dos membros da policía de que a identificación de acentos constitúe unha parte dos labores do intérprete denota o descoñecemento que existe entorno á profesión. Como se porá de manifesto no seguinte apartado, a creación dun código deontolóxico axudaría a desambiguar o papel do intérprete.

- **Entrevistas con persoas físicas:** no ámbito policial danse diversas situacións nas que se require a presenza do intérprete para realizar unha entrevista a persoas físicas, estas son a toma de declaración a unha persoa detida, a un denunciante ou a unha testemuña. O procedemento que se segue en todas as ocasións é o intercambio de preguntas e respostas por parte do axente de policía e o detido, testemuña ou denunciante respectivamente (no que se empregará normalmente a interpretación de enlace) para procederse á lectura da declaración do denunciante ou detido de modo que este dea a súa conformidade (empregando a tradución a vista). Como comenta Foulquié (2002: 113), a interpretación simultánea é moi pouco habitual e, en caso de ser necesaria, adoita realizarse *chuchotage* (interpretación en voz baixa).

A diferenza do que acontece na interpretación de conferencias, na interpretación nos servizos públicos, e a interpretación no ámbito policial non é unha excepción, o intérprete atópase con certos factores que dificultan o seu labor. Así, o traballo do intérprete pode verse condicionado por:

Conflito de roles: na ISP (Interpretación nos Servizos Públicos), o intérprete ten que mediar entre dous usuarios en igualdade de condicións a pesar de que estes se atopan separados por unha barreira lingüística, cultural e de poder, e poidan concorrer no intercambio comunicativo con obxectivos opostos (Smirnov 1997: 221).

A ambigüidade na definición do papel do intérprete: na ISP as competencias do intérprete defínense con frecuencia segundo as necesidades do servizo público. Pode ocorrer que as responsabilidades e obrigas do intérprete vaian revelándose a medida que avance o intercambio comunicativo, dependendo da necesidade de asesoramento cultural ou lingüístico dos interlocutores ou percibida polo intérprete durante a comunicación. Por este motivo, o papel que xoga o intérprete é ambiguo e, por tanto, en ocasións pediráselle que realice tarefas para as que non sempre está preparado ou que non son da súa estrita competencia (como pode ser a identificación de acentos).

A sobrecarga de responsabilidade: é moi habitual que os interlocutores ignoren as necesidades do intérprete en canto ao procesamento de información e xestión dos recursos cognitivos. A isto hai que sumarlle as expectativas dos interlocutores con respecto ao asesoramento cultural, a adaptación dos rexistros, o auxilio administrativo, o asesoramento en diversas cuestións, etc.

Status dos participantes primarios: neste contexto, a relación entre os participantes primarios é sempre xerárquica; o usuario que pertence á minoría lingüística atópase normalmente nunha situación subordinada con respecto ao axente da policía co que mantén o seu intercambio comunicativo non só pola súa incapacidade de expresarse na lingua maioritaria, senón tamén polo descoñecemento que adoita existir sobre a situación comunicativa na que se atopa (descoñecemento sobre os procesos policiais en España, os dereitos que lle asisten, etc.).

Contexto hostil: os motivos que adoitan levar a unha persoa ante a policía (agás, nalgunhas ocasións, como a realización de trámites burocráticos) non adoitan ser pracenteiros. Isto, sumado ao *status* desigual dos participantes primarios e á imposibilidade dunha comunicación directa entre eles xera un contexto hostil onde se desenvolverá a comunicación. O intérprete, por tanto, vese influenciado por este ambiente de traballo e debe aprender a manexar estas situacións de estrés emocional.

Desconfianza: debido á imposibilidade dunha comunicación directa entre os interlocutores primarios é moi común que aparezan receos para co intermediario. Estas desconfianzas adoitan vir por parte do usuario pertencente á minoría lingüística, que acostuma a considerar que o intérprete está do lado da policía.

Conflitos éticos e morais: as situacións que o intérprete debe presenciar e nas que debe intermediar poden non ser do seu agrado ou suporlle algún tipo de conflito ético ou moral (denegación do permiso de residencia, actos fóra da lei por descoñecemento da mesma, etc.). No entanto, o intérprete debe de ser obxectivo e profesional, presentando a información de xeito fidedigno e evitando realizar xuízos de valor.

Estrés: todas estas características, xunto cos nervios intrínsecos á profesión, poden supoñer unha situación de estrés que diminúa a calidade do servizo prestado. Por este motivo, o intérprete debe aprender a xestionar o estrés e evitar que este afecte ao seu rendemento.

Dificultades léxicas: ademais das dificultades terminolóxicas intrínsecas ao traballo nun ámbito especializado como é o policial, o intérprete debe enfrontarse á potencial linguaxe coloquial ou vulgar e argot que poden empregar diversos usuarios ou colectivos dos mesmos en calquera das linguas da súa especialidade.

3.4.4. Necesidade dun código deontolóxico

Como poñen de manifesto todos os factores vistos no apartado anterior e que poden menoscabar o exercicio da interpretación e, por tanto, a calidade da mesma, é necesaria a existencia dun código deontolóxico que xire en torno a unha serie de principios, e que garanta unha maior calidade nestes intercambios comunicativos.

Varios países anglófonos, en concreto Australia e Canadá, contan cunha maior tradición no mundo da interpretación nos servizos públicos e, por tanto, en moitas ocasións poden constituír o exemplo a seguir. Nestes países os códigos deontolóxicos para a tradución e interpretación nos servizos públicos son unha realidade desde hai anos.

En Australia, a *National Accreditation Authority for Translators and Interpreters (NAATI)* aprobou en 1995 un código ético elaborado polo *Australian Institute of Interpreters and Translators Inc (AUSIT)* que xira en torno a uns principios moi amplos que se describen a continuación:

Profesionalidade: o profesional debe respectar uns determinados estándares de conduta e decoro que non desprestixien a figura do tradutor ou intérprete, deste xeito, as disputas que se xeren entre os profesionais do sector deben solucionarse de maneira construtiva e profesional, acudindo ao comité executivo do AUSIT de ser necesario. Así mesmo, os tradutores e intérpretes deberán prepararse correctamente para o labor que deben realizar, respectando as condicións e os prazos pactados.

Confidencialidade: toda a información á que teña acceso o intérprete no desempeño da práctica profesional é confidencial a non ser que se acorde o contrario co cliente ou que a lei dite o contrario.

Competencia: só se debe de aceptar unha encomenda para a que se conte coa competencia necesaria e, en caso de que o tradutor ou intérprete se vexa superado pola mesma, debe comunicarllo ao usuario do seu servizo e ofrecer a súa renuncia. Así mesmo, o intérprete debe prepararse adecuadamente para o traballo que debe realizar e especificarlle ao seu cliente o título e nivel de linguas de NAATI que posúe. Os cambios que se realicen sobre o labor de tradución ou interpretación froito dunha revisión ou segunda opinión deben de ser consensuados con todos os tradutores ou intérpretes implicados.

Imparcialidade: os tradutores e intérpretes deben de manterse imparciais e obxectivos, evitando todo posible conflito de intereses. De estar comprometida a súa imparcialidade, estes non deben de participar na encomenda en cuestión.

Exactitude: o intérprete debe de reproducir na lingua meta todo o expresado na lingua orixe (tamén as palabras vulgares, signos da comunicación non verbal, etc.). É importante que o intérprete comprenda toda a mensaxe producida en lingua orixe, polo que, de ser necesario, debe de pedirlle ao seu interlocutor que lle aclare os elementos que non comprenda ou que faga máis pausas para facilitar o seu labor. Así, o intérprete debe asegurarse de que ambas as dúas partes comprendan todo o dito no intercambio comunicativo e rectificar calquera posible erro en canto lle sexa posible. Por último, o tradutor ou intérprete debe de presentar o título ou certificado

que o acredite como profesional sempre que lle sexa requirido por parte dalgún dos clientes ou usuarios.

Emprego: os intérpretes e tradutores deben traballar ou ben en réxime de autónomos ou contratados por parte dunha empresa ou institución governamental e, en todos os casos, deberán rexerse polo código deontolóxico de AUSIT. En canto á remuneración, cada profesional é libre de aplicar as tarifas que desexe, se ben non se recomenda aceptar agasallos a non ser que esta práctica constitúa un elemento cultural propio do cliente ou usuario. A responsabilidade adquirida polos tradutores e intérpretes no desempeño do seu traballo mantense tamén no caso de que este sexa realizado por tradutores ou intérpretes subcontratados ou empregados polos primeiros.

Formación continua: coa finalidade de manter uns estándares de calidade aceptables, o intérprete debe manterse en contacto coas súas linguas de traballo e as respectivas culturas e intentar mellorar as súas habilidades tradutolóxicas de maneira continua e apoiar o desenvolvemento profesional dos seus colegas.

Solidariedade profesional: debe de fomentarse o compañeirismo, a confianza e o respecto entre os intérpretes.

En Canadá tamén existen este tipo de códigos deontolóxicos, mais cómpre dicir que as diferentes asociacións de tradutores e intérpretes de cada estado teñen os seus propios códigos. Porén, todos eles xiran en torno a principios similares aos australianos.

En España estase a tomar conciencia desta necesidade desde diversas asociacións de tradutores e intérpretes. Un dos principais impulsores é a “Asociación Profesional de Tradutores e Intérpretes Judiciales y Jurados”, APTIJ, que publicou, no pasado mes de abril de 2010, as conclusións da xornada de presentación do Proxecto de Libro Branco da Tradución e Interpretación Institucional en España, no que, entre outras cousas, se pon de manifesto a necesidade dun código deontolóxico. A propia APTIJ conta xa co seu propio código destinado fundamentalmente para os tradutores e intérpretes xudiciais e xurados, que constitúe unha referencia para os intérpretes que traballen para os servizos públicos en xeral; os principios que o conforman son similares aos propostos por AUSIT e poden resumirse nos seguintes:

Fidelidade e integridade ao texto ou discurso: o intérprete ou tradutor debe realizar unha interpretación fiel e completa, intentando manter o contido e a intencionalidade da mensaxe orixinal. Así mesmo, neste punto tamén recomendan conservar aqueles termos culturais que non teñan unha correspondencia directa en español e evitar as suposicións. De producirse algún erro de interpretación, este debe corrixirse tan pronto como sexa posible.

Imparcialidade e ausencia de conflito de intereses: o intérprete debe manterse imparcial, neutral e independente, fóra de todo conflito de intereses. Desde APTIJ definen un conflito de intereses como “cualquier circunstancia que ponga en duda su objetividad e imparcialidad o afecte a su integridad profesional”.

Confidencialidade: o intérprete debe respectar o segredo profesional, que comprende “las confidencias y conversaciones entre las partes procesales, los clientes y sus abogados, las de los compañeros, y todos los hechos y documentos de que haya tenido noticia o haya recibido por razón de cualquiera de las modalidades de su actuación profesional”.

Credenciais e cualificación: o intérprete ou tradutor debe informar sobre a súa formación, experiencia e certificados á parte contratante, e só deberá traballar coas linguas nas que teña competencia. Para evitar o solapamento de papeis, os tradutores e intérpretes xudiciais que non sexan xurados e que traballen para a Administración non deben realizar traballos para os que se precise un profesional xurado e viceversa.

Comportamento profesional: en canto á relación dos intérpretes co tribunal e as partes procesuais, estes deben de actuar de acordo cos estándares de protocolo do órgano perante o que estean a traballar, de maneira respectuosa e leal; así mesmo, na súa relación con outros intérpretes, estes deben manter unha relación baseada no respecto, lealdade e compañeirismo. Os tradutores e intérpretes xurados non deben prestar o seu selo a terceiros.

Límites do seu exercicio profesional: o intérprete ou tradutor debe limitarse a traducir e non debe expresar a súa propia opinión no exercicio do seu labor profesional nin dar asesoramento xurídico.

Formación continua: o tradutor ou intérprete debe intentar mellorar as súas habilidades e coñecementos de maneira continua, mediante a realización de actividades de formación, contando coa colaboración tanto de colegas como de especialistas de campos afíns.

Como podemos observar, os principios que conteñen ambos os dous códigos éticos revisados no presente estudo son bastante análogos. Deste xeito, podemos concluír que os principios fundamentais de confidencialidade, respecto ás persoas, imparcialidade, fidelidade, ausencia de conflito de intereses, competencia, sensibilidade cultural e, por suposto, profesionalidade, deberían estar presentes en calquera código de conduta. Só deste xeito se poderá garantir unha calidade nestes intercambios comunicativos.

3.5. Estudo de campo sobre a tradución e a interpretación nas comisarías de Vigo

Co obxectivo de coñecer a realidade da práctica profesional de xeito fidedigno nas comisarías de policía, realizouse un pequeno estudo de campo. Para isto, tomouse como marco de referencia a cidade de Vigo, pois esta recibe ao longo do ano miles de persoas estranxeiras, xa sexan inmigrantes ou turistas. A cidade de Vigo conta cun dos portos máis grandes e con máis movemento de mercadorías e pasaxeiros da península, o que inflúe tanto no sector turístico coma no comercial. Ducias de buques transoceánicos que realizan cruceiros atracan durante todo ao ano no porto de Vigo, o que implica que, sobre todo nas épocas estivais, miles de pasaxeiros estranxeiros paseen polas rúas da cidade converténdose en usuarios potenciais dos servizos públicos da cidade e, concretamente, dos servizos policiais.

Os corpos entrevistados para o noso estudo de campo foron a Policía Local de Vigo e a Policía Nacional. Nesta última, visitáronse as dúas comisarías que teñen a súa sede nesta localidade, a da rúa Luís Taboada e a da rúa López Mora e tamén se realizou unha visita ás dependencias policiais do aeroporto de Peinador en Vigo, onde hai axentes traballando pero non unha comisaría propiamente dita.

A entrevista que se lle realizou aos axentes estaba conformada polas preguntas que se presentan na seguinte táboa:

TÁBOA 1: CUESTIONARIO PARA AS COMISARÍAS DE VIGO

1.	Precisan e/ou utilizan servizos de tradución e interpretación?
2.	Que linguas son as máis comúns entre as persoas inmigrantes ou estranxeiras e para cales delas empregan interpretación?
3.	Quen realiza os labores de tradución e interpretación? Como contactan con ela/el? En que condicións traballan?
4.	Posúen algúns documentos tipo traducidos a outras linguas?

Fonte: elaboración propia

A continuación, preséntase a análise dos resultados obtidos nas enquisas realizadas:

Pregunta: Precisan e/ou utilizan servizos de tradución e interpretación?

Tanto a Policía Nacional como a Local coincidiron ao afirmar a necesidade de servizos de tradución e interpretación. No entanto, a utilización que fan deles os dous corpos é dispar. A Policía Nacional, desde a Brigada de Estranxeiría, ten un *modus operandi* definido cando se atopan cunha persoa coa que non se poden comunicar en español ou galego e emprega acotío servizos de tradución e interpretación (sobre todo

para as detencións, mais tamén noutros servizos). Pola súa banda, a Policía Local recorre a solucións *ad hoc*, confiando nas propias habilidades lingüísticas dos seus axentes e en que as persoas estranxeiras veñan acompañadas de alguén que domine as dúas linguas.

No tocante á policía do aeroporto, afirmaron que ao non ter o aeroporto un alto número de liñas internacionais, son poucas as ocasións nas que precisan a presenza dun intérprete e, nos casos nos que é necesario tomar unha declaración ou facer unha detención, a persoa é trasladada ás dependencias policiais do ámbito urbano.

Pregunta: Que linguas son as máis comúns entre as persoas inmigrantes ou estranxeiras e para cales delas empregan interpretación?

Desde a comisaría da Policía Nacional de Luís Taboada, onde se atopa a Brigada de Estranxeiría, afirman que as linguas máis usuais para as que emprega interpretación son o árabe marroquí, o romanés, diversas linguas de Europa do Leste e o chinés; aínda que, por suposto, en moitas ocasións tamén se empregan o inglés e o francés como linguas ponte.

Cómpre salientar que na actualidade a Dirección Xeral de Policía e Garda Civil desde a División de Formación e Perfeccionamento do Corpo Nacional de Policía ofrece cursos voluntarios de idiomas para o seu funcionariado, tanto das linguas cooficiais do Estado como de linguas estranxeiras como poden ser o inglés, francés, alemán, italiano, portugués, árabe, chinés ou ruso (nas modalidades presencial, non presencial ou semipresencial). Estes cursos téñense en conta á hora de solicitar destinos nos que os axentes deban estar cara ao público. Así mesmo, nas oposicións para acceder á Policía Nacional, existe un exercicio voluntario de idiomas (en inglés ou francés), mediante o que poden mellorar a nota acadada nunha das partes do exame, no que deben demostrar que posúen o nivel esixido polo sistema educativo xeral no ensino básico obrigatorio. En moitas ocasións, impártense clases de inglés na academia de policía.

Tamén é interesante saber que a Dirección Xeral de Policía, tal e como se pode consultar na súa páxina *web*, conta cun número de teléfono (902 102 112) a través do que se poden presentar denuncias, con atención en castelán e inglés as 24 horas do día todos os días da semana, e en francés, alemán, italiano, árabe e xaponés de 8:00 a 24:00 todos os días da semana no caso de roubos con forza e furtos (de vehículos e en vehículos, de documentos e/ou efectos, en domicilios ou establecementos), roubos con violencia (tiróns), extravíos de documentos e/ou efectos, estafas, danos e recuperacións (de vehículos ou de documentos e/ou efectos).

A policía do aeroporto afirmou que é notable a chegada a Vigo de persoas procedentes de Brasil e Colombia, especialmente mulleres, que teñen denegada a súa entrada no país e utilizan o aeroporto de Vigo por tratarse dun aeroporto pequeno

onde as medidas de seguridade son mínimas comparadas coas dos grandes aeroportos do Estado. Porén, esta chegada de pasaxeiros de Brasil e Colombia non supón ningún atranco lingüístico xa que co primeiro grupo establecen a comunicación en galego e co segundo en español. No caso de que algún pasaxeiro estranxeiro precise denunciar algún feito e non exista posibilidade de comunicación, a policía facilitaralle o xa mencionado número de teléfono. O denunciante poderá escoller logo o lugar onde asinará a denuncia que está a realizar, no aeroporto de chegada ou nunha comisaría da súa cidade.

Pregunta: Quen realiza os labores de tradución e interpretación? Como contactan con ela/el? En que condicións traballan?

Na Policía Nacional contan cos servizos externos da empresa adxudicataria dun concurso público chamada Seprotect. Cando hai necesidade de intérprete para realizar calquera actuación policial que o requira ou para encher documentos, a Brigada de Estranxeiría realiza unha solicitude a Seprotect, que envía un intérprete. Deste xeito, os intérpretes realizan un servizo presencial de asistencia a calquera oficina que así o precise sexa no servizo de Estranxeiría ou en calquera outro.

No caso das navieiras, estas adoitan achegar o seu propio intérprete mais, de non ser o caso (por exemplo, de haber algún polisón), é a policía a que xestiona o servizo de interpretación.

No caso das linguas para as que a empresa Seprotect non poida proporcionar intérpretes, como pode ser o caso dalgunhas linguas africanas, acódesse aos propios consulados do país de orixe da persoa estranxeira.

Como xa se comentou anteriormente, na Policía Local non contan cun procedemento profesional en materia lingüística, e espérase que a persoa estranxeira veña acompañada por algunha outra persoa (compatriotas, membros de sindicatos) que poida servir de enlace. Tamén afirman empregar dicionarios ou tradutores automáticos para “saír do paso”. No entanto, no caso de que a situación exceda as súas competencias e, en caso de ser necesario, derivan á persoa á Policía Nacional, onde se contactaría cun intérprete.

Como xa se indicou antes, a policía do aeroporto non conta cunha comisaría e polo tanto só realizan tarefas rutineiras de control de pasaportes e de mercadorías e para calquera outro asunto, só fan de intermediarios entre o usuario e as dependencias policiais locais. Polo tanto, de precisar a mediación dun intérprete, trasladan o usuario ás dependencias policiais e alí levan a cabo o protocolo de actuación definido para estes casos.

Pregunta: Posúen algúns documentos tipo traducidos a outras linguas?

Na Policía Nacional contan con exemplares dos dereitos do detido traducidos ao inglés e afirman que tamén posúen copias noutras linguas como pode ser o chinés, aínda que desgraciadamente non se nos permitiu o acceso a elas. Na Policía Local de Vigo contan con todos os documentos cos que traballan en castelán e galego.

Como se pode observar tras realizar estas entrevistas, a situación en Vigo dista moito de ser a ideal, sobre todo ao observar as solucións das que se adoita valer a Policía Local. Porén, é importante subliñar o feito de que as funcións da Policía Local non están tan relacionadas cos fluxos migratorios e, por tanto, é comprensible que estean menos preparados para afrontar esta nova realidade a pesar do carácter cotián das relacións con persoas de diferentes nacionalidades. Así mesmo, cómpre dicir que nestes últimos tempos a Policía Nacional gañou en profesionalidade posto que, como os mesmos entrevistados recoñeceron, ata hai uns anos adoitaban recorrer a persoas de confianza a título persoal e non a profesionais procedentes dunha empresa avalada polo Estado.

Pódese concluír, polo tanto, que a traxectoria que están a levar os servizos de tradución e interpretación no ámbito policial en Vigo é positiva a pesar das deficiencias que poidan existir, xa que hai unha concienciación por parte do funcionariado da necesidade de prestación do servizo e, ademais, pode observarse unha clara tendencia á utilización de tradutores e intérpretes profesionais.

Na comisaría do aeroporto non contan con ningunha documentación noutra lingua, agás os folletos relativos aos controis de seguridade nos que se indican os obxectos que non se poden portar nos avións e dos que contan cunha versión en inglés, español e galego. No caso de ter que facer unha detención, os axentes realizan unha *minuta de detención* que serve como documento interno no que se recollen os feitos e o detido é trasladado ás dependencias policiais do ámbito urbano onde se procede á detención e á lectura dos dereitos de xeito comprensible para o detido.

3.6. Conclusións

Un dos campos de traballo para os intérpretes que desempeñan a súa actividade profesional nos servizos públicos é a interpretación para os corpos de seguridade. A tarefa do intérprete, a pesar de non ter unha gran consideración social e da crenza de que esta constitúe unha actividade que pode realizar calquera persoa con coñecementos de idiomas, ten unha importancia extrema neste contexto. Isto é debido a que, como na maioría das situacións que se dan nos servizos públicos, os intercambios comunicativos que se leven a cabo poden ter grandes repercusións na vida das persoas implicadas. Por este motivo, é evidente a necesidade da presenza de intérpretes profesionais que teñan unha formación específica tanto no ámbito no que traballan como na terminoloxía

propia do mesmo.

Tras a elaboración deste estudo non se pode máis que darlle a razón a Martín cando afirma que

(...) tiene que haber un recoñecemento general de este oficio como realidade profesional, no sólo por parte de la Administración sino por parte de otros muchos sectores del país. En España todavía demasiada gente no distingue entre el conocimiento de idiomas y la capacidad para traducir o interpretar (2000: 220).

Como xa observamos neste traballo, esta falta de recoñecemento e sensibilización reflíctese incluso na lei xa que, aínda que se recolle o dereito do estranxeiro a ser asistido por un intérprete en diversas circunstancias, non se require ningún tipo de formación nin cualificación para desempeñar este labor.

É obvio que o Estado non pode esixir unha formación específica para a interpretación daquelas linguas, exóticas ou afastadas, para as que non exista ningún tipo de formación ou título en España que poida habilitar a intérpretes profesionais. Nestes casos extremos, e de non ter a persoa competencia suficiente noutra lingua máis estendida, terá que recorrerse ás opcións das que se dispoña, posto que é preferible unha comunicación con deficiencias á total ausencia da mesma.

No entanto, é inconcibible que esta situación se dea tamén nos casos nos que a lingua de traballo conte cun número considerable de profesionais formados para tal fin. Nun Estado de dereito, é imprescindible asegurar que se dean unhas mínimas garantías nos procedementos que se leven a cabo no seu seo, sen discriminar ás persoas por motivos lingüísticos.

Por conseguinte, o Ministerio do Interior deberá ser máis rigoroso á hora de xestionar os servizos de interpretación. O ideal sería que o propio Ministerio seleccionase os profesionais da tradución e interpretación que vaian traballar en calquera das súas dependencias xa que, en principio, a escolla dun ou outro profesional estaría exenta de intereses alleos á calidade na práctica da profesión. No entanto, é factible que o Ministerio convoque a adxudicación dunha licitación para cubrir estes servizos de considerar que non ten a capacidade suficiente para xestionalos por si só, co obxectivo de garantir unha mellor calidade na prestación dos mesmos. De ser este o caso, o propio Ministerio debería asegurarse de que a empresa adxudicataria da licitación garanta e manteña uns niveis de calidade aceptables, deixando de lado, por tanto, as cuestións económicas, que non deberán ir en detrimento da calidade.

Como se puxo de manifesto neste capítulo, non se están a dar todas estas premisas, pois o factor determinante á hora de adxudicar a devandita licitación adoita ser, precisamente, a maior economicidade das súas tarifas. Como era de esperar, a empresa adxudicataria non está a cumprir cos estándares de calidade que serían de

esperar nun servizo que se presta nos órganos do Estado e, por conseguinte, deberá de ser o mesmo Estado o que solucione esta cuestión o antes posible, pois a continuidade no tempo deste problema pon en situación de desamparo a moitas persoas e mesmo pode poñer en perigo a propia seguridade do Estado.

Así mesmo, é patente a necesidade dun código deontolóxico que rexa o exercicio da profesión, como xa acontece en países punteiros neste sector, e que descansa sobre o principio da profesionalidade. Este é o único xeito de poder establecer uns parámetros sobre os que traballar neste ámbito que non só serán beneficiosos para os profesionais implicados, senón tamén para o conxunto da sociedade.

Na actualidade o papel do profesional que desempeña labores de interpretación para o ámbito policial é ambiguo. Como xa se revisou neste capítulo, se ben os propios membros da policía recoñecen xa a necesidade da figura do tradutor ou intérprete para levar a cabo unha cantidade crecente de intercambios comunicativos, o descoñecemento da profesión por parte dos usuarios do servizo xera unha grande parte dos problemas aos que se debe de enfrontar o intérprete e que poden menoscabar o desempeño do seu traballo (o conflito de roles, a sobrecarga de responsabilidade, a desconfianza cara o intérprete, etc.). A existencia dun código deontolóxico axudaría a resolver esta problemática, pois o papel do intérprete quedaría totalmente definido.

Todos os motivos expostos no presente traballo apuntan cara a necesidade da difusión desta problemática entre a sociedade en xeral e a clase política deste país. Neste contexto, debe de facerse fincapé na importancia da prestación dun servizo profesional de tradución e interpretación en todos os servizos públicos e na vulneración dos dereitos das persoas que supón a ausencia da mesma. Só deste xeito, mediante o recoñecemento desta situación, poderán sentarse as bases para que se empecen a tomar medidas ao respecto. Este estudo, por tanto, pretende contribuír a esta causa, ao tempo que ser de utilidade na formación de futuros intérpretes.

Bibliografía

- APTIJ. *Código deontolóxico*. <http://www.aptij.es/Docs/C%F3digo_D_APTIJ.pdf>. [Última consulta: 07/11/2010].
- Asociación Española de Tradutores, Correctores e Intérpretes (ASETRAD), 18 de decembro de 2010. *La calidad de la interpretación judicial y policial: comunicado de prensa de ASETRAD*. <<http://www.asetrad.org/index.asp?op=12&detalle=246&pag>>. [Última consulta: 07/01/2011].
- Asociación Profesional de Tradutores e Intérpretes Judiciales y Jurados (APTIJ). *APTIJ*. <<http://www.aptij.es/>>. [Última consulta: 14/01/2011].
- AUSIT. *Code of Ethics for Interpreters & Translators*. <<http://server.dream-fusion.net/>>.

- ausit2/pics/ethics.pdf>. [Última consulta: 07/11/2010].
- Centro de Formación y Perfeccionamiento de la D.G.P y la G.C. *Carta de servicios*. <http://www.policia.es/org_central/division_forma_perfe/doc_matriz_carta_cforma.pdf>. [Última consulta: 07/01/2011].
- Consitución española de 1978. *Boletín Oficial del Estado*. 29 de decembro de 1978, pp. 29313-29424. <<http://www.boe.es/boe/dias/1978/12/29/pdfs/A29313-29424.pdf>>. [Última consulta: 07/01/2011].
- Dirección General de la Policía y la Guardia Civil. *Web oficial de la D.G.P. y la G.C.* <www.policia.es>. [Última consulta: 07/10/2010].
- Foulquié, A. I. 2002. "Interpretación social: la interpretación en la policía en Granada y Málaga". *Puentes. Hacia nuevas investigaciones en la mediación intercultural*, pp.107-115.
- Fowler, Y. 2003. "Taking an Interpreted Witness Statement at the Police Station: What Did the Witness Actually Say?". En Louise Brunette *et alii* (eds.) *The Critical Link 3: interpreters in the community: selected papers from the Third International Conference on Interpreting in Legal, Health and Social Service Settings*, Montreal, Quebec, Canada 22-26 May 2001, pp.195-209. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.
- Intraducible. Blog sobre traducción e interpretación institucional. *La traducción en los Servicios Públicos* <<http://lointraducible.blogspot.com/2008/11/la-traduccin-en-los-servicios-pblicos.html>>. [Última consulta: 07/10/2010].
- Jerez, J. M., López Cortés, J. e Brander de la Iglesia, M. *Traducción e interpretación: voluntariado y compromiso social*. <www.ugr.es/~greti/puentes/puentes4/06%20Jesus%20de%20Manuel.pdf>. [Última consulta: 07/10/2010].
- Ley de enjuiciamiento criminal. *Boletín Oficial del Estado*. <http://www.boe.es/aeboe/consultas/enlaces/documentos/leyes_procesales/ley_enjuiciamiento_criminal.pdf>. [Última consulta: 07/01/2011].
- Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal. *Boletín Oficial del Estado*. 24 de novembro de 1995, núm. 281 do 24 de novembro de 1995, pp. 33987-34058. <<http://www.boe.es/boe/dias/1995/11/24/pdfs/A33987-34058.pdf>>. [Última consulta: 07/01/2011].
- Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjerios en España y su integración social. *Boletín Oficial del Estado*. 12 de xaneiro de 2000, núm. 10, pp. 1139-1150. <<http://www.boe.es/boe/dias/2000/01/12/pdfs/A01139-01150.pdf>>. [Última consulta: 07/01/2011].
- Martin, A. 2000. "La interpretación social en España". En Kelly, D. (ed.). *La traducción y la*

- interpretación en España hoy: Perspectivas profesionales*, pp. 207-223. Granada: Comares.
- Olalla, P. 2006. "El intérprete en la investigación policial". *Revista española de lingüística aplicada*, pp. 239-248.
- Plaza Blázquez, S. 2010. *Conclusiones del Proyecto de Libro Blanco de la Traducción e Interpretación Institucional en España*. <<http://www.aptij.es/Docs/APTIJ-Conclusiones-proyecto-libro-blanco-09042010.pdf>>. [Última consulta: 07/01/2011].
- Real Academia Galega. *Diccionario da Real Academia Galega*. <<http://www.edu.xunta.es/diccionarios>> [Última consulta: 15 /12/2010].
- Resolución de 30 de abril de 2010, de la Dirección General de la Policía y de la Guardia Civil, por la que se convoca oposición libre para cubrir plazas de alumnos del Centro de Formación, de la División de Formación y Perfeccionamiento, aspirantes a ingreso en la Escala Básica, categoría de Policía, del Cuerpo Nacional de Policía. *Boletín Oficial del Estado*. 20 de maio de 2010, núm 123, pp. 44001-44019. <www.policia.es/oposiciones/basica/2010/BOE-A-2010-8076.pdf>. [Última consulta: 07/10/2010].
- Resolución de la Dirección General de la Función Pública de 22 de diciembre de 2008 por la que se convoca proceso selectivo para ingreso como personal laboral fijo, y con la categoría de Técnico Superior de Gestión Servicios Comunes <<http://www.meh.es/Documentacion/Publico/RRHH/Oposiciones/Laborales/Prom.%20Interna%20G3%20TSGSC/02%20Bases%20Convocatoria%2029-12-2008.pdf>>. [Última consulta: 07/11/2010].
- Resolución de la División de Coordinación Económica y Técnica de la Dirección General de la Policía y de la Guardia Civil por la que se hace público el anuncio de licitación del expediente de contratación de un servicio de interpretación de declaraciones orales, traducciones escritas, escuchas telefónicas y transcripción de cintas de audio y otros soportes informáticos grabados en lenguas distintas del idioma del castellano, tanto de forma directa como inversa, en el marco de las actuaciones policiales en el ámbito de todo el territorio nacional excepto las dependencias policiales de Barcelona capital y provincia. *Boletín Oficial del Estado*. 20 de decembro de 2007, num. 304, p. 15017. <<http://www.boe.es/boe/dias/2007/12/20/pdfs/B15107-15107.pdf>>. [Última consulta: 07/01/2010].
- Smirnov, S. 1997. "An overview of liaison interpreting". *Perspectives: Studies in Translatology* 5 (2), pp. 211-226.
- VV.AA. 2005. *Gran diccionario século 21 da lingua galega*. Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio.